

GDR-25: ASOCIACIÓN DE DESARROLLO LOCAL DELOA

Comunicación apertura prazo presentación axudas Programa LEADER

A Asociación de Desarrollo Local DELOA, en reunión da súa Xunta Directiva, celebrada o día 21 de outubro do 2009, acordou, entre outros, abrir o prazo para a presentación de axudas ó abeiro do Programa LEADER de Galicia 2007-2013. O prazo abarca **dende o 26 de outubro de 2009 ata o 1 de setembro de 2013**.

Territorio elixible:

Concellos de: Padrón, Rois, Dodro, Rianxo, Boiro, Pobra do Caramiñal, Riveira, Porto do Son, Lousame, Outes, Noia e Muros.

Quedan excluídas as entidades singulares de poboación de máis de 2.000 habitantes e parques empresariais sitos nos concellos non comprendidos nas Zonas de Reequilibrio do Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010.

Beneficiarios:

Os proxectos poderán ser promovidos por:

- Persoas físicas.
- Persoas xurídicas de carácter privado: sociedades laborais, mercantís ou civís, sociedades agrarias de transformación, cooperativas, asociacións e fundacións.
- Entidades públicas de carácter local ou comarcal: concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores.
- Comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

Tipoloxía de accións subvencionables:

- Dinamización do sector agrario e forestal.
- Mellora medioambiental e do entorno rural.
- Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida.

Réxime de axudas:

Réxime de axudas publicado, xunto coas bases Reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural, no DOGA N° 115 do 16 de xuño de 2008 e N° 15 do 22 de xaneiro de 2009.

Lugar e forma de presentación:

Os promotores deberán presentar a documentación, por rexistro de entrada, nas oficinas da Asociación de Desarrollo Local DELOA. Os modelos normalizados para a presentación das axudas atópanse a disposición dos promotores nas oficinas do GDR.

Máis información:


DELOA PADRÓN:

Lugar de la Esclavitud, s/n.
15980 Padrón – A Coruña
Tel: + 34 981 817 000
Fax: + 34 981 817 001

deloa@deloa.es; www.deloa.es

DELOA NOIA:

Rúa Frei Lois Rodríguez, 9-Baixo
15200 Noia – A Coruña
Tel: + 34 981 842 093
Fax: + 34 981 825 402



Padrón, 23 de outubro de 2009

Rosalía Mera Goyenechea

Presidenta da Asociación de Desarrollo Local DELOA